

ANEXO X

**DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE**

DON/DONA	DNI																		
REPRESENTANTE DE	CIF																		
CON RAZÓN SOCIAL EN																			
<p><b>DECLARO:</b></p> <p><input type="checkbox"/> Que non solicitei e non se me concederon axudas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.</p> <p><input type="checkbox"/> Que solicitei e se me concederon axudas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto. A saber:</p>																			
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 70%;">DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO</th> <th style="width: 30%;">IMPORTE</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr><td style="height: 15px;"></td><td style="height: 15px;"></td></tr> <tr> <td style="text-align: right;"><b>TOTAL</b></td> <td style="width: 30px;"></td> </tr> </tbody> </table>		DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE															<b>TOTAL</b>	
DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE																		
<b>TOTAL</b>																			
<p>E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:</p> <p style="text-align: center;"><i>Lugar e data</i></p> <p style="text-align: center;">, de de 20</p> <p style="text-align: center;">Sinatura</p>																			

**FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA**

*Resolución do 26 de maio de 2010 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2010.*

O Regulamento (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, crea unha organización común de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM). No seu artigo 103 octies bis prevé unha axuda comunitaria para a distribu-

ción de froitas e hortalizas transformadas, plátanos e os seus produtos derivados, aos/ás nenos/as.

O Regulamento (CE) 288/2009, da Comisión, do 7 de abril, modificado polo Regulamento (UE) nº 245/2010, da Comisión, do 23 de marzo, establece as disposicións de aplicación do antedito regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano, aos/ás nenos/as nos centros escolares.

É de aplicación para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma a Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño) de sub-

vencións de Galicia, así como no que resulta de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, creados en virtude dos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria -Fogga- (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo -DOG nº 251, do 30 de decembro), o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, e o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, corresponde ao dito organismo, entre outras funcións, a execución da política da consellería en relación coas accións derivadas da aplicación da Política Agraria Común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento da organización común de mercados agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, en aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das facultades previstas no artigo 2 da devandita Lei 7/1994, do 29 de decembro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta resolución establece na súa sección primeira o procedemento para a concesión na Comunidade Autónoma de Galicia das axudas para a distribución de froitas frescas aos/ás alumnos/as de centros escolares, de conformidade co previsto no artigo 103 octies bis do Regulamento (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, e no Regulamento (CE) nº 288/2009, da Comisión, do 7 de abril; e na súa sección segunda a convocatoria das ditas axudas para o ano 2010.

#### SECCIÓN PRIMEIRA BASES REGULADORAS

##### Artigo 2º.-*Destinatarios/as.*

Poderán ser destinatarios/as da axuda os/as alumnos/as que asistan regularmente aos centros escolares administrados ou recoñecidos polas autoridades competentes, que pertencen aos seguintes niveis de ensino:

- a) Educación infantil segundo ciclo.
- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria obrigatoria.

##### Artigo 3º.-*Custos que se subvencionan e restricións.*

1. As actividades que se subvencionan son os custos de adquisición no mercado da froita fresca.
2. A axuda concederáse para as froitas frescas citadas no anexo I.

En atención a criterios de dispoñibilidade e ambientais, é preferible que sexan froitas frescas de tempada obtidas na Comunidade Autónoma de Galicia empregando na súa obtención sistemas de produción sustentables (agricultura ecolóxica ou integrada).

As froitas frescas distribuídas aos/ás escolares serán sempre de excelente calidade e atoparanse no seu grao óptimo de madureza de consumo.

3. As froitas frescas subministradas terán que cumprir os requisitos do Regulamento (CE) 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

4. As froitas frescas terán que ser consumidas nas dependencias do establecemento escolar no momento do recreo.

##### Artigo 4º.-*Contía da axuda.*

Establécese unha axuda máxima de 0,25 euros por alumno/a e día lectivo.

O período de repartición da froita entre os/as alumnos/as do centro escolar será de cinco días lectivos consecutivos por mes natural, cun mínimo dun mes e un máximo de catro e os meses poden ser consecutivos ou alternos.

Se o importe total previsto nas solicitudes para un curso escolar superase a asignación orzamentaria prevista, terán preferencia os/as solicitantes de subministración para un mes fronte aos/ás de dous, os/as de dous fronte aos/ás de tres e, estes/as sobre os/as de catro, reducindo sucesivamente nun mes os estratos que fosen necesarios, pasando de catro a tres, de tres a dous e de dous a un mes respectivamente, empezando a supresión polo último mes de subministración prevista.

Se aínda así, e para axustar as solicitudes á cantidade orzada, for necesario reducir entre os/as solicitantes dun mesmo número de meses, darase preferencia aos/ás solicitantes con menor número de alumnos/as.

##### Artigo 5º.-*Solicitantes da axuda.*

1. Os/as solicitantes da axuda serán os centros escolares que pertencen aos niveis de ensino citados no artigo 2 que teñan a súa sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Será beneficiario/a da axuda un/unha solicitante autorizado/a conforme as disposicións do artigo 6 para a subministración dos produtos recollidos no anexo I.

3. Non terán a condición de beneficiarios/as os/as que foran sacionados/as por infraccións cometidas

no ámbito material desta liña de axuda, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Para os efectos de xustificar o cumprimento das obrigas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os/as solicitantes presentarán unha declaración xurada segundo o modelo de anexo IIIC.

*Artigo 6º.-Autorización como solicitante da axuda.*

1. Os centros escolares que pretendan subministrar as froitas frescas por primeira vez deberán ser autorizados polo director do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga). Os que xa obtivesen a autorización en anos anteriores deberán solicitar a validación. En ambos os dous casos presentarán os anexos IIIA, IIIB e IIIC desta resolución no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Para o caso de que a subministración se realice por primeira vez, xunto cos anexos IIIA, IIIB e IIIC deberán achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada ou cotexada do NIF do centro educativo.

b) Fotocopia compulsada ou cotexada do NIF do/a representante ou persoa que exerce a dirección do centro; que unicamente se presentará no caso de non autorizar o órgano xestor para a verificación electrónica dos datos de carácter persoal que figuran no documento de identidade de quen teña a condición de interesado/a, tal e como establece o artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

c) Nos centros privados o documento oficial que acredite suficientemente a representación do/a solicitante.

d) Fotocopia compulsada ou cotexada da certificación de que é un centro educativo autorizado ou de que está en vías de obtela antes de que remate o prazo para solicitar a autorización como solicitante da axuda previsto no punto 1 deste artigo. Non será necesaria se o centro figura como tal na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

De producirse cambios na documentación referida, o/a solicitante terá a obriga de comunicalo ao Fogga no prazo dun mes desde que os cambios acontezan.

3. Tendo en conta a solicitude e a documentación presentada o director do Fogga, unha vez rematado o prazo dun mes previsto no punto 1 deste artigo, resolverá nos quince días seguintes, entendéndose estimadas por silencio positivo aquelas que non sexan resolvidas e notificadas no devandito prazo.

4. A autorización poderá ser suspendida por un período dun a doce meses, ou retirada polo director do Fogga en calquera momento, atendendo á gravidade da infracción, polo incumprimento dalgún dos

compromisos asumidos polo/a solicitante autorizado/a ou pola existencia das irregularidades previstas no artigo 10 desta resolución. As devanditas medidas non se imporán en caso de forza maior ou cando o Fogga determine que a infracción non se cometeu deliberadamente ou por negligencia, ou que sexa de pouca importancia. No suposto de retirada, transcorrido un período mínimo de polo menos doce meses, poderá concederse unha nova autorización, por instancia do/a interesado/a, logo de valorar os antecedentes que motivaron a retirada da anterior.

*Artigo 7º.-Condicións xerais para o pagamento da axuda.*

1. Os/as solicitantes autorizados/as solicitarán o pagamento da axuda conforme o modelo previsto no anexo IV desta resolución, ante o servizo territorial do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A solicitude de pagamento farase unha vez rematado o período de subministración correspondente a un mes.

3. Xunto coa solicitude, os/as peticionarios/as da axuda cubrirán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ás distintas administracións ou entes públicos para o mesmo proxecto, das concedidas por estas, e doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

4. O prazo de presentación da solicitude rematará o último día do terceiro mes seguinte ao da subministración dos produtos. Non obstante, admitiranse as solicitudes presentadas no cuarto e quinto mes seguinte, reducíndose o seu importe nun 5% se o atraso é igual ou inferior a un mes, e nun 10% se é superior a un mes pero inferior a dous.

5. Coa solicitude de pagamento da axuda achegaranse as correspondentes facturas (orixinal ou copia compulsada), que reflectirán, por separado, o custo total de cada produto subvencionado, así como unha proba do seu pagamento.

*Artigo 8º.-Controis e sancións.*

1. O Fogga establecerá un plan de controis por período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de xullo de cada ano co obxecto de garantir o cumprimento da normativa aplicable a esta liña de axuda, de acordo co establecido no artigo 13 do Regulamento (CE) 288/2009.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 6, en caso de fraude ou negligencia grave atribuíbles ao/á solicitante, este/a, ademais de devolver os importes pagados indebidamente de conformidade co artigo 13, pagará un importe equivalente á diferenza entre o importe pagado inicialmente e o importe a que ten dereito.

Artigo 9º.-*Publicidade sobre a distribución de froitas nos centros escolares.*

Os centros escolares que distribúan froitas de acordo con esta resolución terán visible un cartel que se axuste aos requisitos mínimos establecidos no Regulamento (CE) 288/2009 que se reflicten no anexo II desta resolución, e que estará exposto permanentemente na entrada principal dos centros nun lugar onde se poida ver e ler claramente.

Artigo 10º.-*Irregularidades.*

1. A existencia de irregularidades nos tipos de produtos subministrados, na calidade sanitaria ou comercial destes, na distribución incorrecta aos/ás alumnos/as participantes, os erros cometidos na facturación e/ou na contabilidade, a falsidade de datos, a desviación dos produtos do seu destino e, en xeral, calquera impedimento, total ou parcial, para que a axuda repercuta directamente en beneficio dos/as alumnos/as, poderá implicar a suspensión ou retirada da autorización ou, se é o caso, a proposta de suspensión ou retirada, de acordo co previsto no número 4 do artigo 6º desta resolución, sen prexuízo das responsabilidades de calquera tipo en que puideren incorrer os/as responsables do centro escolar.

2. Sen prexuízo do anterior, a existencia de calquera irregularidade na execución na liña de axuda prevista nesta resolución poderá dar lugar á denegación ou minoración da axuda solicitada.

3. As medidas previstas nos dous números anteriores non se aplicarán nos supostos de forza maior, así como nos casos en que se determine que as irregularidades non se cometeron deliberadamente ou por negligencia, sen prexuízo dos apercibimentos e inspeccións que correspondan.

Artigo 11º.-*Tramitación e resolución das solicitudes de axuda.*

1. Efectuados os controis pertinentes, os servizos territoriais do Fogga remitirán a oportuna proposta sobre as solicitudes presentadas, coa conformidade do subdirector xeral de Xestión da PAC, ao director do Fogga para que dite a correspondente resolución.

2. O prazo máximo de resolución e pagamento da axuda será de tres meses desde que a solicitude de axuda entrou no servizo territorial do Fogga.

3. Se non for emitida resolución expresa no prazo anterior, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo dos produtos obxecto da subvención.

Artigo 13º.-*Recuperación de pagamentos indebidos.*

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda e dos xuros de mora producidos desde a notificación da obriga de reembolso segundo o establecido no artigo 13.9º do Regulamento (CE) nº 288/2009, da Comisión, do 7 de abril, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Artigo 14º.-*Recursos administrativos.*

1. Contra as resolucións ditas en aplicación desta resolución polo director do Fogga poderase interpoñer recurso dealzada ante o presidente do dito organismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Se a resolución non for expresa, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Artigo 15º.-*Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lles poidan exixir os órganos correspondentes do Fogga, os/as beneficiarios/as da liña de axuda de distribución de froita nos centros escolares teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 16º.-*Rexistros de compras e subministración de produtos.*

Os centros escolares deberán manter permanentemente actualizado un rexistro das compras e subministración aos/ás alumnos/as dos produtos, que conterá polo menos os datos que se recollen no anexo V.

#### SECCIÓN SEGUNDA

#### CONVOCATORIA PARA O ANO 2010

Artigo 17º.-*Condicións e finalidade.*

As axudas que por esta resolución se convocan para o ano 2010 concederanse para a subministración das froitas frescas incluídas no Plan de consumo de froita nas escolas sinaladas no anexo I desta resolución, aos/ás alumnos/as que asistan regularmente aos centros escolares, de conformidade co previsto nos artigos 2º e 3º da sección primeira desta resolución pola que se establecen as bases reguladoras desta axuda.

Artigo 18º.-*Autorización como subministrador/a de produtos subvencionados.*

1. Os/as solicitantes que queiran participar na liña de axuda de subministración de produtos incluídos no Plan de consumo de froita nas escolas deberán solicitarlo ao Fondo Galego de Garantía Agraria, segundo o modelo que figura no anexo IIIA acompañado da certificación dos datos do centro escolar recollida no anexo IIIB e da declaración xurada establecida no anexo IIIC desta resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No caso de que a subministración se realice por primeira vez, xunto coa presentación dos devanditos anexos IIIA, IIIB e IIIC, os/as solicitantes deberán xuntar a documentación referida no artigo 6.2º desta resolución.

Artigo 19º.-*Solicitudes de pagamento.*

As solicitudes de pagamento presentaranse na forma e prazo dispostos no artigo 7 desta resolución, nos servizos territoriais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 20º.-*Financiamento.*

1. Esta convocatoria finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 13.90.713F.779.0 do orzamento de gastos do Fogga para o curso escolar 2010-2011, polo importe máximo de 468.865,33 euros.

Da contía máxima serán imputables á anualidade corrente 75.000 euros.

2. En todo caso, a concesión da axuda condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias.

Artigo 21º.-*Controis.*

Para o curso escolar 2010-2011 a porcentaxe de controis sobre o terreo previstos no artigo 8 abranguerá polo menos un 5% da axuda e o 5% dos/as solicitantes.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Sen prexuízo do previsto no artigo 10 desta resolución, aplicaráselles aos/ás beneficiarios/as da axuda regulada nesta resolución o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-A esta resolución aplicaráselle o Regulamento (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados agrícolas, o Regulamento (CE) nº 288/2009, da Comisión, do 7 de abril, que establece as disposicións de aplicación do antedito regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano aos/ás nenos/as nos centros escolares, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceira.-As dotacións orzamentarias indicadas no punto 1 do artigo 20 poderán incrementarse, se for procedente, con outros fondos do Feaga e do Feader, dos orzamentos xerais do Estado e da comunidade autónoma. Nese suposto tramitarase o oportuno expediente de xeración, ampliación ou transferencia de crédito.

En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Cuarta.-Nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fogga publicará no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas agás no suposto previsto no artigo 15.2º c) no que poderán utilizarse outros procedementos para darlle publicidade. En calquera caso, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta resolución, polo que a presentación da solicitude de axuda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiario/as e da súa publicación na citada páxina web.

Quinta.-De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2010.

José Álvarez Robledo

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

#### *ANEXO I*

Lista de produtos incluídos no Plan de consumo de froita nas escolas:

Albaricoque, cereixa, chirimoia, ameixa, framboesa, amorodo, amorodo grande, granada, figo, kiwi, mandarina, mazá, pexego, melón, laranxa, néspereira, pera, plátano, sandía, uvas.

#### *ANEXO II*

#### **Requisitos mínimos que debe cumprir o cartel sobre o Plan de consumo de froita nas escolas**

Tamaño do cartel:	A3 ou maior
Letras:	1 centímetro ou máis
Título:	Plan de consumo de froita nas escolas
Contido:	Deberá figurar, cando menos, a seguinte frase, que se adaptará en función do tipo de centro escolar: «O noso (tipo de centro escolar (xardín de infancia, centro de preescolar, escolar) participa no Plan de consumo de froita na escola coa axuda financeira da Comunidade Europea» O cartel levará o emblema da Comunidade Europea




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ANEXO IIIA

UNIÓN  
EUROPEA  
FEAGA



PROCEDEMENTO <b>AXUDA PARA A DISTRIBUCIÓN DE FROITA FRESCA AO ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR269A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN</b>
---	---	--

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

CENTRO ESCOLAR		NIF	
ENDEREZO SOCIAL		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

O centro escolar cuxos datos se consignan e, no seu nome, o/a seu/súa representante legal:

D./Dña. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_  
en calidade de \_\_\_\_\_

**SOLICITO (marcar cunha cruz o que se solicita):**

- A autorización como solicitante da axuda para a distribución de froita fresca aos/ás alumnos/as do centro escolar.  
 A validación da autorización como solicitante da axuda para a distribución de froita fresca aos/ás alumnos/as do centro escolar.

**COMPROMÉTOME A:**

- Destinar os produtos financiados ao consumo polos/as alumnos/as do noso centro escolar no horario correspondente ao recreo.
- Reembolsar as axudas aboadas de xeito indebido polas cantidades que correspondan, no caso de que se comprobe que os produtos non se subministraron aos/ás nenos/as de conformidade co artigo 2, ou que a axuda se pagou por produtos que non son subvencionables en virtude da presente resolución.
- No caso de fraude ou de negligencia grave, pagar un importe igual á diferenza entre o importe aboadado inicialmente e o importe ao que o/a solicitante ten dereito.
- Poñer os documentos xustificativos a disposición das autoridades competentes, cando estas o soliciten.
- Someterse a calquera medida de control establecida polo Fogga, en particular no que respecta á comprobación dos rexistros e a inspección física.
- Establecer unha conta corrente especial, única e exclusiva para esta liña de axuda.
- Informar ao Fogga dos cambios que se produzan nos datos da documentación que se xunta no prazo dun mes desde que acontezan.

**DECLARO:**

- Coñecer a regulamentación ao respecto e comprométo a cumprila, quedando advertido/a de que o incumprimento total ou parcial destas obrigas implicará a perda da condición de subministrador/a autorizado/a, sen prexuízo das sancións que correspondan polas infraccións en materia de subvencións e axudas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou das accións de orde penal, civil ou administrativa que procedesen.

**E XUNTO A DOCUMENTACIÓN SEGUINTE:**

- Anexo III B coa información correspondente ao número de alumnos/as que se beneficiarán da axuda e dos días lectivos de reparto da froita.  
 Anexo III C que contén a declaración xurada establecida no artigo 5.4º desta resolución.

**E ADEMAIS NO CASO DE QUE SOLICITE POR PRIMEIRA VEZ XUNTO ESTA OUTRA DOCUMENTACIÓN:**

- Fotocopia compulsada ou cotexada do NIF do centro escolar.  
 Fotocopia compulsada ou cotexada do NIF do/a representante ou persoa que ostenta a dirección do centro escolar.  
 Nos centros privados, documento oficial que acredite suficientemente a representación do/a solicitante.  
 Fotocopia compulsada ou cotexada da certificación de que é un centro educativo autorizado ou de que está en vías de obtelo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.  SI  NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 26 de maio de 2010 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 2010		RECIBIDO _____  REVISADO E CONFORME _____

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)

ANEXO IIIB

CERTIFICACIÓN DE DATOS DO CENTRO ESCOLAR

DATOS DO CENTRO ESCOLAR

CENTRO ESCOLAR		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO SOCIAL		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

O centro escolar cuxos datos se consignan e, no seu nome, o/a seu/súa representante legal ou persoa que ostenta a dirección do centro:

D./Dña.  con NIF   
 en calidade de

**CERTIFICO:**

- Que o centro é un centro educativo autorizado (ou en vías de recoñecemento), tal como consta na certificación correspondente, da cal se xunta fotocopia.
- Que o número de alumnos/as do mencionado centro que participarán no programa é de .
- Que a distribución dos produtos no centro realizarase baixo as seguintes premisas:

CÓDIGO DO NIVEL DE ENSINO	LUGAR (patio, etc)	HORARIO	ALUMNOS/AS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL			<input type="text"/>

\* Clave dos códigos de niveis de ensino:

CLAVE DOS CÓDIGOS DOS NIVEIS DE ENSINO		
NIVEL DE ENSINO		CÓDIGO
Educación infantil segundo ciclo		02
Educación primaria	Primeiro ciclo	11
	Segundo ciclo	12
	Terceiro ciclo	13
Educación secundaria obrigatoria		21

- Que o período para o que solicita a axuda abrangue (cubrir o/s que correspondan):

Primeiro período: mes/ano  /  do día  ao día  .  
 Segundo período: mes/ano  /  do día  ao día  .  
 Terceiro período: mes/ano  /  do día  ao día  .  
 Cuarto período: mes/ano  /  do día  ao día  .

- No caso de ter días non lectivos fixados polo propio centro, comprendidos no período solicitado indicar a data.

- Cun total de  días lectivos.

- Que o centro dispón de comedor:  SI  NON

- Tipo de centro (marcar cunha cruz segundo corresponda):  Público  Privado  Concertado

Lugar e data

, de de 2010

## ANEXO IIIC

## DECLARACIÓN XURADA

D./Dña.  con NIF   
en calidade de  do centro escolar  
 con NIF

cuxos datos se consignan nos anexos IIIA e IIIB.


## DECLARA BAIXO XURAMENTO

Que o citado centro escolar non está incurso en ninguna das circunstancias que o inhabiliten para obter a condición de beneficiario das axudas e subvencións públicas a teor do disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular, que non foi sancionado por infraccións cometidas no ámbito material desta liña de axuda tal e como establece o artigo 5.3º desta resolución.

E, para que conste e surta efectos, asino a presente declaración no seguinte lugar e data.

, de de 2010





PROCEDEMENTO <b>AXUDA PARA A DISTRIBUCIÓN DE FROITA FRESCA AO ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR269A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE DE PAGAMENTO</b>
---	---	---

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

CENTRO ESCOLAR		NIF	
ENDEREZO SOCIAL		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
NOME DO/A REPRESENTANTE			NIF

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
NOME DO BANCO			
ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL

O/a solicitante, cos datos que se consignan anteriormente debidamente autorizado/a para este fin concreto, e con base aos datos que se sinalan na seguinte táboa, certifica que durante o mes de \_\_\_\_\_ no período sinalado no anexo IIIB, subministrou os seguintes produtos aos/ás alumnos/as deste centro escolar:

PRODUTO	CANTIDADE SUBMINISTRADA EN QUILOS	IMPORTE
CUSTOS TOTAIS DA ADQUISICIÓN DOS PRODUTOS		

**SOLICITA:** a axuda conforme o previsto na normativa vixente, por un total de \_\_\_\_\_, e solicita o ingreso desta axuda na conta bancaria sinalada para o pagamento.

**E ACHEGA:** as correspondentes facturas (orixinal ou copia compulsada), que reflectirán, por separado, o custo total de cada produto subvencionado (base imponible máis IVE) así como unha proba do seu pagamento, e unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ás distintas administracións ou entes públicos para o mesmo proxecto, das concedidas por estas e doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI  NON

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

*Resolución do 26 de maio de 2010 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2010.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 2010

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

## ANEXO V

## Rexistro de compras e subministración de produtos

Data de compra	Nome ou razón social do/da subministrador/a	NIF do/da subministrador/a	Produto	Quilos

Data de repartición	Produto	Nivel de ensino	Nº alumnos/as aos/ás que se reparte	Quilos

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 27 de maio de 2010 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na categoría 063 (oficial 1ª condutor/a // condutores/as 1ª e outros) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría, e acceso libre.*

De conformidade co disposto na base V das convocatorias para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a // condutores/as 1ª e outros) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría, e acceso libre, aprobadas en virtude das ordes do 21 de febreiro de 2006 (DOG nº 61, do 28 de marzo), e unha vez remitida polo tribunal a proposta

de aspirantes que superaron os ditos procesos selectivos, esta consellería

## DISPÓN:

Primeiro.-Eleva a definitiva a proposta do tribunal de aspirantes que superaron o proceso selectivo da categoría 063 (oficial 1ª condutor/a // condutores/as 1ª e outros) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría, e acceso libre, e que se relacionan como anexo a esta orde.

Segundo.-Os aspirantes que constan no dito anexo deberán remitir, no prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no DOG, á Dirección Xeral da Función Pública, os documentos a que se refire a base V da orde de convocatoria.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes que accedan pola quenda de promoción interna e cambio de categoría poderán representar reclamación previa á vía xudicial laboral no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, conforme os artigos 69 e seguintes do Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, e os aspirantes que accedesen pola quenda de acceso libre poden interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

## ANEXO

## Promoción interna e cambio de categoría:

Nº orde	DNI	Apelidos e nome	1º exerc.	2º exerc.	Puntuación oposición	Puntuación concurso	Puntuación total	Cota discapacitados
1	32755189	Fernández López, Julio Francisco	17,50	16,75	34,25	3,97	38,22	Non
2	34938235	Rodríguez Rodríguez, Juan José	15,00	16,50	31,50	2,87	34,37	Non
3	32446691	Giménez Domínguez, Eduardo	12,50	17,25	29,75	4,56	34,31	Non
4	32779977	Fraga Miragaya, José	16,00	14,50	30,50	2,47	32,97	Non
5	32827622	Souto Pérez, Juan Alberto	14,50	16,75	31,25	1,42	31,25	Non
6	44806120	Parafita Regueiro, Ricardo	15,00	13,50	28,50	0,70	29,20	Non
7	44089185	Loureiro Loureiro, Gerardo	13,50	14,50	28,00	1,42	28,00	Non
8	32765011	López Sastres, Manuel Francisco	13,00	13,50	26,50	1,62	26,50	Non

## Acceso libre:

Nº orde	DNI	Apelidos e nome	1º exerc.	2º exerc.	3º exerc.	Puntuación oposición	Puntuación concurso	Puntuación total	Cota discapacitados
1	76811516	Brea Costoya, José Manuel	17,27	7,40	14,80	39,47	6,85	46,32	Non
2	10081409	Pache Hermida, Guillermo	15,90	7,60	12,80	36,30	9,20	45,50	Non
3	35300333	Castro Ruibal, Fernando	16,36	5,00	12,40	33,76	9,40	43,16	Non
4	36094085	Gesteira Rodríguez, Rubén	11,81	6,00	11,20	29,01	12,40	41,41	Non
5	33329283	López López, Javier	14,09	8,30	14,29	36,68	3,45	40,13	Non
6	33291890	Romero Díaz, Luis Miguel	15,90	7,10	14,00	37,00	0,60	37,60	Non
7	76620688	González Rodríguez, José Luis	13,18	5,10	12,60	30,88	5,10	35,98	Non